



## PREGUNTA ORAL SOBRE A RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADXUDICADO PARA A MELLORA DA RÚA RAPA DA FOLLA

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello, a concelleira que subscribe formula a seguinte pregunta ao Goberno Local para a súa contestación oral no Pleno:

No transcurso do Pleno do pasado 7 de decembro de 2015, esta mesma concelleira formulou unha pregunta oral en relación coa licitación das obras do proxecto de renovación de pavimentos da rúa Rapa da Folla, obra incluída no POS 2014 da Deputación Provincial, tratando de aclarar os motivos polos que non se revisara o proxecto e se sometera ao criterio da Comisión Asesora, así como o que estaba previsto facer para solucionar o problema derivado do feito de que parte das obras xa foran incluídas dentro dos proxectos de Carreira do Conde e de Montero Ríos.

O concelleiro encargado desa área respondeu que se lle solicitara unha prórroga á Deputación e que “con esta licitación e mentres se adxudique durante o ano 2015, teremos garantía que na Deputación van ter fondos para esta obra, e poderemos facer a modificación dese proxecto, porque esa modificación do proxecto, sempre e cando non supoña un incremento de custo, é aceptada pola Deputación. Polo tanto, a partir da adxudicación haberá unha adaptación do proxecto, aos límites actuais de dito ámbito”.

Once días despois desta resposta, o 18 de decembro, a Xunta de Goberno adxudicaba as obras de mellora da rúa Rapa da Folla á empresa “Construcciones Iglesias Mera, S.L.” por un importe de 31.194 euros, formalizándose o contrato o 19 de xaneiro de 2016.

Transcorridos algo máis de catro meses daquela adxudicación, o 27 de maio pasado, a Xunta de Goberno, por proposta do mesmo concelleiro de Espazos Cidadáns, acordaba a resolución do contrato adxudicado para as obras da rúa Rapa da Folla, coa indemnización ao contratista co 3% do importe de adxudicación. Segundo a versión do Goberno “a medida responde a que os cambios necesarios para adaptar o proxecto á realidade da rúa, afectada pola execución das obras das colindantes Carreira do Conde e Montero Ríos, alterarían as condicións esenciais da licitación e adxudicación”.



Á vista do acontecido, desde o Grupo Municipal do Partido Popular formulamos a seguinte pregunta:

**Se resultaba previsible que a execución de dúas obras colindantes afectaba ao ámbito de actuación deste proxecto e imposibilitaban a tramitación dun expediente de modificación contractual, por que o concelleiro declarou no Pleno que se ía continuar co procedemento e que logo da adxudicación se faría unha modificación do proxecto; e agora, que previsión manexa o Goberno para a execución da mellora da rúa Rapa da Folla e o seu financiamento por parte da Deputación?.**

Santiago de Compostela, a 8 de xuño de 2016

Teresa Gutiérrez López  
Concelleira do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.